

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE PRESIDENCIA,
RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 12 DE
AGOSTO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás doce horas e doce minutos do día 12 de agosto de dous mil oito, reúnen-se en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: O Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra
- Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que don Francisco Javier Varela Tejedor, titular polo PSdeG-PSOE, se ausenta da sesión antes da votación do primeiro asunto, e queda no seu lugar o concelleiro suplente don José Venancio Salcines Cristal.

Faise constar que están presentes os señores concelleiros dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Ángeles Gutiérrez Sánchez, como secretaria accidental da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Orzamentos xerais para o exercicio 2008

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, fai a presentación da proposta de orzamento xeral do Concello de Cambre para o 2008, resultado das negociacións levadas a cabo cos distintos grupos políticos, e especialmente co BNG. En resposta a unha pregunta de don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, explica que os principais cambios fan referencia, en primeiro lugar, á oferta de emprego público, en cuxa elaboración se seguiu unha política de cautela, creándose unha praza de conserxe e catro prazas para membros de Protección Civil. Así mesmo, en resposta a reclamacións históricas dos funcionarios e empregados públicos, leváronse a cabo cambios relativos ao complemento de destino e específico de determinadas prazas.

Continúa dicindo que, en segundo lugar, os cambios van dirixidos á política en investimentos, na que hai un consenso sobre as liñas a seguir: galescola, ampliación do camiño do cemiterio, etc.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez expón as súas dúbidas sobre que se poida tratar o tema da relación de postos de traballo nesta sesión, xa que a documentación non se lles entregou xunto coa convocatoria.

A Sra. secretaria accidental sinala que a documentación ten que estar entregada antes da sesión e que se entregou.

A Sra. interventora manifesta que o prazo para convocar á Comisión Informativa para tratar o tema dos orzamentos ven fixado pola lei, e que ese prazo refírese expresamente aos orzamentos, non á relación de postos de traballo.

O Sr. alcalde contesta que a información relativa aos orzamentos estaba entregada en prazo e que ese é o punto que se está a tratar neste momento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, en relación coa cautela amosada na contratación de persoal, pregunta se non sería necesario conter o tema das horas extraordinarias dos funcionarios.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que aos funcionarios non se lles fixa un límite de horas extras, e que veñen dadas polas necesidades do concello.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), pregunta onde está previsto que se localice o centro de día e a galescola, e o Sr. Salcines contesta que na parcela de 3.000 m² que hai na parroquia do Temple.

O voceiro do GM (PG) pregunta a continuación pola compra de terreos para colexios, e o Sr. alcalde responde que se trata dunha partida aberta de cara as xestións que se están levando a cabo para que, de cara ao vindeiro ano, poder facer un colexio entre as parroquias de Cambre e O Temple.

Don Manuel Marante Gómez manifesta a súa estrañeza polo feito de que o importe da partida para gastos xurídicos dos órganos de goberno sexa moi superior ao importe global do resto da administración, xa que pensa que o normal sería ao revés.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o normal é que as demandas vaian dirixidas contra o cargo político, porque se descoñeza, en concreto, o funcionario ou técnico da área contra quen dirixilas.

Don Manuel Marante Gómez expón que as demandas diríxense ao concello, e pensa que a partida debería reflectir iso. Di que loxicamente hai responsables políticos, pero que non ten por que ocorrer se se seguen os informes técnicos. Ademais di que a Deputación xa conta cunha defensa xurídica dos concellos, pero que parece que iso non interesa.

A continuación pregunta pola partida correspondente aos gastos de calefacción, xa que di que lle chama a atención que a cantidade dedicada aos locais municipais, que aparecen bastante desglosados no orzamento, sexa moi superior á asignada para os 5 colexios.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que se debe a que a Consellería de Educación asume custos nese concepto, que antes non era así, pero que agora si.

Don Manuel Marante Gómez sinala que outra cousa que lle chamou a atención foi o tema da limpeza de edificios públicos, xa que do desglose do orzamento parece deducirse que hai varios contratos.

Tanto o concelleiro de Facenda, Sr. Salcines, como o concelleiro de Presidencia, Sr. Varela Tejedor, informan que este é un dos expedientes que está agora en trámites de contratación.

O Sr. Marante insiste en que non lle cadra que se gaste tanto para a limpeza dos edificios municipais e tan pouco para a limpeza dos colexios, que por iso preguntou se hai un ou varios contratos, porque non entende o desglose.

O Sr. alcalde informa que ese desglose parte dun informe do enxeñeiro técnico industrial, que non cre que haxa ningún erro, pero que se comprobará.

A continuación, don Manuel Marante Gómez expón que o ano pasado se perdeu unha obra de saneamento en Mercurín, por non facer as xestións oportunas, e que se falou de metelo neste orzamento. Di que non ve ningunha partida prevista.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que en temas de saneamento e abastecemento intentouse non asignar nomes concretos ás partidas, porque despois podían atoparse con problemas en cada caso en concreto. Di que no caso de Mercurín o problema está na disponibilidad dos terreos para instalar a depuradora.

O Sr. Marante insiste na necesidade de amosar un maior interese por solucionar un problema que é causa dun importante foco de contaminación e infección, e fai referencia ao compromiso que existía cos veciños da zona.

O Sr. alcalde manifesta que comparte a necesidade, pero non a explicación, e engade que a solución está nun cambio do proxecto, ou que senón se intentará expropiar e realizar posteriormente a obra necesaria.

Concedida a palabra a don Antón Otero Domínguez, concelleiro do BNG, pregunta polo sentido das partidas para a ampliación do CEIP Graxal e a cota destinada ao Comité Español de Iluminación.

A Sra. interventora infórmalle que a primeira está prevista para cubrir os gastos da parcela e devolución de impostos, e que a segunda se refire ao pago a unha asociación á que pertence o concello dende hai anos, na que ten interese o enxeñeiro técnico municipal don Luis Medín, e que xa se pagaba en anos anteriores, pero que este ano decidiron especificala para que quedase máis claro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta pola partida da galescola.

O Sr. Salcines resposta que está prevista no capítulo de investimentos, e a Sra. interventora engade que este ano son 30.000 euros, e que se trata dun gasto plurianual.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, pregunta pola cantidade prevista para a galescola e o centro de día unha vez se incorporen os remanentes.

A Sra. interventora contesta que en anos anteriores estaban previstos 60.000 euros para un centro de día, e despois están os 30.000 deste.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se se encargou a un arquitecto un estudo da Casa da Arrigada, e o Sr. alcalde responde que vai na partida de proxectos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta cal será a localización da Casa da Cultura.

O Sr. alcalde informa de que hai un proxecto para a zona das Travesas, aínda que outra posibilidade pode ser o centro de Cambre. Di que na semana posterior ás festas municipais, e antes do pleno ordinario de agosto, haberá unha reunión da xunta de voceiros para falar do tema.

Don Francisco Javier Varela Tejedor auséntase do salón, polo que queda como membro da comisión informativa en calidade de suplente do titular, don José Venancio Salcines Cristal.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que sería interesante consensuar o tema do plan de asfaltado e reparación dos camiños.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín informa que os técnicos xa fixeron unha valoración da maioría dos camiños que hai que reparar e que son camiños públicos.

O Sr. alcalde sinala que está prevista a partida para o seu mantemento e conservación.

A comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE e do BNG, dous votos en contra correspondentes aos concelleiros do PP e do GM (PG) e coa abstención do concelleiro de EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Cambre para 2008, que ascende a un importe de 16.889.780,78 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	<u>TOTAL</u>
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.492.095,38	1 GASTOS DE PERSOAL	5.162.260,86
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	834.529,80	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.206.116,75
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.651.569,75	3 GASTOS FINANCEIROS	268.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.079.705,00	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	845.933,00
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	102.746,08		
Total Operaci3ns Correntes	14.160.646,01	Total Operaci3ns Correntes	12.482.463,52
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	3.593.723,03
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.089.385,82	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	173.845,28
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	629.531,73	9 PASIVOS FINANCEIROS	629.531,73
Total Operaci3ns de Capital	2.729.134,77	Total Operaci3ns de Capital	4.407.317,26
TOTAL INGRESOS	16.889.780,78	TOTAL GASTOS	16.889.780,78

Segundo: Aprobar as bases de execuci3n do Orzamento para 2008.

Terceiro: Anular as seguintes modificaci3ns de cr3dito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos cr3ditos iniciais do orzamento:

- 1.- Expediente de cr3dito extraordinario 1/2008. Importe: 4.665,00 euros. Motivo: Transferencia Comunidade Aut3noma veh3culo de protecci3n civil.
- 2.- Expediente de transferencia de cr3dito 1/2008. Importe: 12.000,00 euros. Motivo: Habilitar cr3dito suficiente para premio extraordinario certame de pintura.
- 3.- Expediente de transferencia de cr3dito 2/2008. Importe: 4.780,00 euros. Motivo: Habilitar cr3dito suficiente para convocatoria de subvenci3ns para entidades culturais.
- 4.- Expediente de xeraci3n de cr3dito 1/2008. Importe: 23.651,09 euros. Motivo: Subvenci3n da Xunta de Galicia para obra de Iluminaci3n no Corgo.
- 5.- Expediente de xeraci3n de cr3dito 2/2008. Importe: 365.825,78 euros. Motivo: Subvenci3n da Deputaci3n provincial da Coruña por obras incluídas no POS 2008.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento xeral do concello para o 2008.

2º Cadro de persoal

Dada conta polo Sr alcalde da proposta do cadro de persoal, debatida na Mesa xeral de negociación do Concello de Cambre o día 7 de agosto de 2008.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, fai novamente referencia á política de cautela seguida na elaboración da oferta de emprego público, que se reduce ao mínimo posible, sempre tendo en conta que non se afecte ao servizo, creándose unicamente unha praza de conserxe e catro prazas para membros de Protección Civil, e respondendo tamén a unha serie de demandas dos sindicatos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que foi o concello o que preparou e presentou a proposta aos sindicatos, e que estes a aprobaron, non foi unha negociación.

A comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, PP, BNG e GM (PG) e coa abstención do concelleiro de EU-IU, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Aprobar o cadro de persoal funcionario, laboral fixo e eventual para 2008 segundo se transcribe a continuación e remitir copia á administración do Estado e á Comunidade Autónoma dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia xunto co resumo do orzamento, todo isto segundo o establecido no artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por R.D.Lexislativo 781/86, de 18 de abril:

PERSOAL FUNCIONARIO 2008

Denominación da praza	Prazas	Grupo-Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría	Superior

Interventor	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financiera	2	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	1	A2	Administración especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Administrativo	6	C1	Administración xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Técnico en integración social	1	C1	Administración especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de servizos	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais

Encargado de obras	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Sarxento policía local	1	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Cabo policía local	2	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Garda policía local	21	C1	Administración especial	Servizos especiais	Policía Local
Auxiliar administrativo	25	C2	Administración xeral	Auxiliar	
Auxiliar réximen interior	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	4	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	13	Outra agrupación profesional	Administración xeral	Subalterna	

PERSOAL LABORAL 2008

Denominación da praza	Prazas	Titulación categoría profesional
Axente de desenvolvemento local	2	Titulado superior
Técnico en promoción económica	1	Titulado superior
Traballadora social	3	Titulado medio
Coordinador deportivo	1	Bacharel superior ou equivalente
Administrador sistema informático	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grao ou equivalente
Informático auxiliar	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grao ou equivalente

Auxiliar biblioteca-arquivo	6	Graduado escolar ou equivalente
Auxiliar monitora 3ª idade	1	Graduado escolar ou equivalente
Capataz de brigada de obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Oficial obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Conductor	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario condutor	2	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario-servizos	3	Certificado de escolaridade ou equivalente
Asistentas domiciliarias	2	Certificado de escolaridade ou equivalente

PERSONAL EVENTUAL 2008

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a comunicacións	1
Asesor/a en xestión de proxectos	1
Secretaria-o do grupo de goberno	1

Resumo	
Persoal funcionario	102
Persoal laboral	26
Persoal eventual	3

3º Catálogo de postos de traballo

Dada conta polo Sr alcalde da proposta do cadro de persoal, debatida na Mesa xeral de negociación do Concello de Cambre o día 7 de agosto de 2008.

Don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, informa que se atenderon demandas históricas dos sindicatos, que se referían a un incremento no complemento de destino e complemento específico de determinadas prazas.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, solicita que nas fichas que lles facilitaron, na páxina 60, se modifique a denominación de traballadora domiciliaria e se cambie por traballadora familiar.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que como xa dixo anteriormente o seu grupo non pode opinar, porque a documentación non se lles entregou en tempo.

A comisión, en votación ordinaria, por tres votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, BNG e GM (PG) e coa abstención dos concelleiros do PP e de EU-IU, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Aprobar o catálogo de postos de traballo para o 2008 segundo se transcribe a continuación e remitir copia á administración do Estado e á Comunidade Autónoma dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia xunto co resumo do orzamento, todo isto segundo o establecido no artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por R.D.Lexislativo 781/86, de 18 de abril:

Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Especifico	T.P.	F.P.	A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formación Específica	Observacións
SECRETARÍA XERAL														
Secretaría Xeral	1	30	22.743,88	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L	1	D.D.H.
Técnico de xestión de administración xeral	2	24	10.412,26	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
Administrativo	1	22	4.778,20	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Xefe negociado (atención SAC)	1	18	10.370,66	N	C		C1/C2	A.G.	Admtva/aux.		No	B*/G*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	8	18	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar xestión (atención SAC)	5	16	6.117,94	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		J.L a S.
Conserxe notificador	1	14	4.738,88	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
INTERVENCIÓN														
Interventor	1	30	22.743,88	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L	2	D.D.H.
Téc.de xestión orzamentaria e contabilidade	1	24	10.412,26	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D	3,11	
Téc.de xestión orzamentaria de Ing.e control F.	1	24	10.412,26	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios/S	NO	D.	3,11	
Administrativo	1	22	4.778,20	N	C1		C	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	2	18	4.253,68	N	C2	A3	D	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
TESOURERÍA														
Tesoureiro	1	28	16.767,62	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L	2	
Administrativo	1	22	4.778,20	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
URBANISMO E RÉXIME INTERIOR														
Xefe de área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	22.218,40	S	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	D.D.H.
Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	17.096,34	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	4	D.D.H.
Xefe de sección de servizos	1	28	17.096,34	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	5	D.D.H.

Aparellador	1	26	14.803,40	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	8		D.D.H.
Enxeñeiro técnico industrial	1	26	14.803,40	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	9		D.D.H.
Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.370,66	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	22		D.D.H.
Xefe de unidade de réxime interior	1	26	14.803,40	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	14		D.D.H.
Técnico de Administración Xeral	1	25	14.733,42	N	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3		
Administrador sistema informático	1	22	5.004,38	N	C		C1				SI	FPII	17		D.D.H.
Encargado de obras	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*			
Encargado de servizos	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*			
Delineante	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII	16		D.D.H.
Administrativo	3	22	4.778,20	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*			
Auxiliar administrativo	7	18	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*			
Auxiliar réxime interior	1	18	4.253,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*			
Informático auxiliar	1	16	4.254,40	N	C		C2				SI	CS	23		
Capataz de Brigada de Obras	1	14	11.766,21	N	C		A.P.				SI	C			D.D.H.
Conserxe telefonista	1	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C			
Conserxe	1	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C			
Oficial de obras	1	14	3.371,18	N	C		A.P.				SI	C			
Operario condutor	2	14	3.000,00	N	C		A.P.				SI	C	19		
Operario servizos múltiples	3	12	2.864,60	N	C		A.P.				SI	C			
POLICÍA LOCAL															
Inspector policía local	1	22	13.897,44	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	D.			D.D.H.
Oficial policía local	2	18	13.343,76	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*			D.D.H.
Policía local	20	16	12.848,98	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*			D.D.H.
Coordinador de Protección Civil	1	16	12.848,98	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*			D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	16	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*			
Axente protección civil	4	14	6.425,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*			D.D.H.
SERVIZOS SOCIAIS															
Coordinador servizos sociais	1	26	12.257,74	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L	7		D.D.H.
Educador social	1	24	6.849,90	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12		D.D.H.
Traballadora social	3	24	4.860,74	S	C		A2				SI	D.	15		
Técnico en integración social	1	20	6.117,94	S	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII	20		D.D.H.
Auxiliar administrativo	2	18	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*			
Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	2.971,74	N	C		C2				SI	G*			
Traballadora familiar	2	12	2.199,60	N	C		A.P.				SI	C			
CULTURA, EDUCACION E DEPORTE															
Coordinador de actividades culturais e educativas	1	26	12.257,74	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L			D.D.H.
Bibliotecaria arquivista	1	25	15.752,98	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6		D.D.H.
Dinamizador Cultural	1	24	6.849,90	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	D.			D.D.H.
Coordinador deportivo	1	22	5.690,28	N	C		C1				SI	B*	18		D.D.H.

Animador xuvenil	1	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
Animador Deportivo	2	22	6.117,94	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	3	18	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar de turismo	1	18	4.253,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.
Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	2.971,74	N	C		C2				SI	G*		
Informador xuvenil	1	18	4.253,68	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	21	D.D.H.
Conserxe instalacións deportivas	6	14	6.808,84	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		J.N.
Conserxe de colexios públicos	3	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.304,62	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		SI	C		
EMPREGO														
Responsable axencia de desenvolvemento local	1	26	10.911,94	S	C		A1				SI	L		D.D.H.
Axente desenvolvemento local	1	25	7.880,98	N	C		A1				SI	L	3,7,10,11	D.D.H.
Técnico en promoción económica	1	25	7.880,98	N	C		A1				SI	L	3,10,11	D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.253,68	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
ALCALDÍA														
Auxiliar de Alcaidía	1	18	10.680,70	N	C		C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		D.D.H.
Asesor comunicacións	1	25	5.610,00	E	I		A1/A2				no	L/D		
Asesor/a en xestión de proxectos	1	25	5.610,00	E	I		A1/A2					L/D		
Secretaria-o do grupo de goberno	1	18	4.788,50	E	I		C1/C2				NO	B*/G*		
Conductor de alcaldía	1	14	10.764,70	N	C		A.P.				SI	C	19	D.D.H.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e corenta e nove minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

M^a Ángeles Gutiérrez Sánchez